



FACULTADE DE FORMACIÓN
DO PROFESORADO

Traballo de
fin de grao

**A educación artística e a creatividade infantil
dende o enfoque Reggio Emilia:**

Un atelier na aula

**La educación artística y la creatividade
infantil desde el enfoque Reggio Emilia:**

Un atelier en el aula

**Arts Education and Child Creativity from the
Reggio Emilia approach:**

An Atelier in the classroom

Autor/a/es/as: Cristina Camino Rivera

Tutor/a: Ángel Daniel Díaz Trigo

Xullo 2020

Resumo

Este traballo nace coa intención de mellorar a calidade da educación tal e como a coñecemos, ofrecéndolle o lugar que se merece a educación artística e a creatividade na etapa de educación infantil.

Tras investigar e coñecer novas alternativas metodolóxicas, decido decantarme polo enfoque Reggio Emilia, pois aposta pola liberdade, o arte e o respecto polos dereitos, características e intereses dos nenos e nenas. En definitiva, trata á infancia co coidado e respecto que se merece. Mais concretamente, decido centrar a miña investigación e proposta educativa no atelier (taller) e a súa figura da atelierista (tallerista) xa que me ofrece a oportunidade de xuntar os conceptos nos que traballo (creatividade e educación artística) para, a través da distribución do espazo por recunchos, ofrecer aos nenos e nenas, espazos onde a imaxinación e a creatividade funcionen como co-protagonistas ao seu carón.

Para facer máis significativo este traballo decido ofrecer dous puntos de vista semellantes pero en dúas épocas totalmente diferentes. Para iso, recorro a entrevistar a dúas profesionais; unha muller galega que revolucionou a educación na súa época (1960) e unha mestra en Italia profundando no enfoque reggiano, na actualidade. Ambas co mesmo propósito ca min, aportar o noso grao de área para unha educación de calidade.

Palabras chave: Educación artística, creatividade, Reggio Emilia, Atelier, natureza.

Resumen

Este trabajo nace con la intención de mejorar la calidad de la educación tal y como la conocemos, ofreciéndole el lugar que se merece la educación artística y la creatividad en la etapa de educación infantil.

Tras investigar y conocer nuevas alternativas metodológicas, decido decantarme por el enfoque Reggio Emilia, pues apuesta por la libertad, el arte y el respeto por los derechos, características e intereses de los niños y las niñas. En definitiva, trata a la infancia con el cuidado y respeto que se merece. Más concretamente, decido centrar mi investigación y propuesta educativa en el atelier (taller) y su figura de la atelierista (tallerista) ya que me ofrece la oportunidad de aunar los conceptos en los que trabajo (creatividad y educación artística) para, a través de la distribución del espacio por rincones, ofrecer a los niños y niñas, espacios donde la imaginación y la creatividad funcionen como coprotagonistas a su lado.

Para hacer más significativo este trabajo decido ofrecer dos puntos de vista similares, pero en dos épocas totalmente diferentes. Para eso, recurro a entrevistar a dos profesionales; una mujer gallega que revolucionó la educación en su época (1960) y una maestra en Italia profundizando en el enfoque reggiano, en la actualidad. Ambas con el mismo propósito que yo, aportar nuestro grano de arena para una educación de calidad.

Palabras clave: Educación artística, creatividad, Reggio Emilia, atelier, naturaleza.

Abstract

This work was born with the intention of improving the quality of education as we know it, offering it the place that arts education and creativity deserve at preschool education.

After researching and learning about new methodological alternatives, I decided to choose for the Reggio Emilia approach, because it is committed to freedom, art and respect for the rights, characteristics and interests of children. Ultimately, it treats children with the care and respect they deserve. More specifically, I decide to focus my research and educational proposal on the atelier and its figure of the atelierist because it gives me the opportunity to combine the concepts I work on (creativity and arts education). In this way, through the distribution by corners, we will offer children a space where imagination and creativity functions such as co-protagonists.

In order to make this work more meaningful I decided to offer two similar points of view but in two totally different periods. For that reasons, I resort to interviewing two professionals; a Galician woman who revolutionized education in her time (1960) and a teacher in Italy delving into the Reggian approach, currently, both with the same purpose as me, make a contribution to quality education.

Key Words: Arts Education, creativity, Reggio Emilia, atelier, nature.

Las personas grandes me aconsejaron que dejara a un lado los dibujos de serpientes boas abiertas o cerradas, y que me interesara un poco más en la geografía, la historia, el cálculo y la gramática. Así fue como, a la edad de seis años, abandoné una magnífica carrera de pintor [...]. Las personas mayores nunca comprenden nada por sí solas y es muy aburrido para los niños tener que darles una y otra vez explicaciones.

A. de Saint -Exupéry, El principito, 1951.

Índice

1.Introducción.....	1
2. Marco teórico	2
Capítulo 1. A educación artística	2
1. Que é a educación artística.....	2
2. Evolución e situación actual da Educación Artística	4
3. A Educación Artística no currículo de Educación Infantil.	7
4. Por que é importante a Educación Artística na etapa infantil.	10
5. Revisión da formación do profesorado na educación artística	13
Capítulo 2. A creatividade	15
1. Que é a creatividade.....	15
2. A creatividade na escola	18
3. Test de creatividade	20
4. Inhibidores da creatividade.....	21
Capítulo 3. Un atelier na aula	25
1. Contextualización.....	25
2. Xustificación.....	32
3. Proposta	34
4. Avaliación	44
3.Conclusións.....	46
4. Referencias	48
4.1. Bibliografía	50
5.Anexos	51
Anexo 1: Poema “Los cien lenguajes del niño” de Loris Malaguzzi	52
Anexo 2: Centros Reggio Emilia en España	53
Anexo 3: Carta a Antía Cal	55
Anexo 4: Entrevista Reggio Emilia	58

1.Introducción

É unha realidade indiscutible que a nosa sociedade está a cambiar a un ritmo cada vez máis acelerado, concretamente nas últimas décadas, pero en moitos casos, non somos conscientes de como estas transformacións inflúen no noso xeito de pensar e vivir. Todos estes cambios afectan a nosa vida diaria, ao noso traballo e, por suposto, deben conlevar tamén serios cambios na educación pois, canto máis complexo se fai o mundo, máis preparados debemos estar e máis creativos debemos ser, para poder afrontar os novos desafíos que se nos van presentando.

O fomento da creatividade dende a infancia é fundamental para lograr a adaptación a eses novos cambios e é a nosa labor como mestres/as brindarlle a oportunidade de desenvolve-la dende o momento que entran na escola. A miña intención con este traballo é darlle a importancia que merece tanto a educación artística como a creatividade a través do deseño dunha proposta de intervención que poida ser perfectamente aplicable a unha aula ordinaria, para demostrar que si se quere, pódese, non é cuestión de falta de tempo ou recursos.

Logo de investigar e tratar de demostrar os beneficios que teñen ambos conceptos para o desenvolvemento integral da infancia, decidín centrar a miña investigación nos enfoques e pedagogías alternativas enfocadas á etapa infantil polos seus beneficios. Por suposto, o que máis se asemellaba a miña forma de ver a educación e cara onde ía dirixido este traballo, pois aposta pola liberdade, o arte e o respecto polos dereitos, características e intereses dos nenos e nenas, foi o enfoque Reggio Emilia impulsado polo pedagogo Loris Malaguzzi.

Deste xeito, no Capítulo 1. A educación artística, definirei que é e como foi cambiando co paso do tempo, como se presenta no currículo de Educación Infantil e porque é importante para esta etapa e, finalmente, que presenza ten este concepto dende a formación do profesorado. A continuación, no Capítulo 2, A creatividade, resolverei que é, que presenza ten na escola e como avaliar a súa maior ou menor presenza na educación. Para rematar, seguindo os principios deste enfoque explicados no mesmo apartado, decido pór en práctica a idea do atelier e a figura do atelierista, deseñando cada espazo e material de

acordo con todo o aprendido durante a carreira; todo isto, pode verse reflectido no Capítulo 3. Un atelier na aula.

A través de todos estes apartados, persigo unha serie de obxectivos que se irán alcanzando a medida que o informe avanza. O principal e que se resolve no capítulo 3, é “Desenvolver unha experiencia educativa para o segundo ciclo de educación infantil, coa que se fomente a creatividade e a imaxinación a través da educación artística, seguindo os principios do enfoque Reggio Emilia”. Outro, que se pode ver resolto no capítulo 1 e 2, “Xustificar a importancia da educación artística e a creatividade no ámbito escolar, concretamente na etapa de educación infantil”. Finalmente, un que se ve reflectido en todo o traballo, “Demostrar que un cambio na forma de ver a educación e a infancia é posible e non se debe ver limitado por achacar falta de recursos e tempo”, pois no meu caso, tódolos materiais empregados son de refugallo ou atopados na natureza e creados coa axuda dos nenos, de xeito que tamén forme parte do aprendizaxe.

Para rematar, por suposto, invítovos a que leades o traballo e que se tedes a oportunidade poñades en práctica a miña proposta. Pero ademais, anímovos a que leades nos anexos tanto a entrevista a Antía Cal como a Maravillas Martínez, grandes profesionais e mulleres loitadoras por cambiar aquelas cuestión da educación coas que non estaban de acordo.

2. Marco teórico

Capítulo 1. A educación artística

1. Que é a educación artística.

En primeiro lugar, paréceme interesante entender que é a educación artística para logo comprender e contextualizar todo o que se desenvolverá ao longo deste traballo. Así, empezaremos desagregando o termo para coñecer que é a educación, o arte e finalmente, a educación artística como a entendemos hoxe en día.

Segundo o educador español, Rufino Blanco, podemos definir o concepto de educación¹ como unha *“evolución, racionalmente conducida, de las facultades específicas del hombre para su perfección y para la formación del carácter,*

¹ Educación (s.f.). En Concepto.de. Recuperado de : <https://concepto.de/educacion-4/>

preparándole para la vida individual y social, a fin de conseguir la mayor felicidad posible”.

Por outra banda, o arte² é un *“conjunto de creaciones humanas que expresan una visión sensible sobre el mundo, tanto real como imaginario”.*

A unión de ambos conceptos é o que hoxe entendemos por educación artística, e foi definida e estudada por numerosos autores. Exporei así algunhas das definición atopadas e que considero que se achegan máis ao que eu mesma considero tamén como educación artística.

En primeiro lugar, Calaf e Fontal (2010) definen o termo como unha disciplina que *“sirve para aprender a ser creativos, aprender a crear producciones artísticas, y saber conocer, comprender, respetar, valorar, cuidar, disfrutar y transmitir tanto nuestras propias creaciones como aquellas otras que hicieron los artistas del pasado y las que están haciendo los artistas del presente”.*

En tanto, Fontal, Gómez e Pérez (2015), cando se refiren a esta inclúen *“todo un cosmos de creatividad, originalidad, pensamiento divergente, gusto por lo estético, evocación, reflexión, interés por el entorno artístico, análisis de procesos, investigación, coherencia, estudio, complejidad, inconformismo, expresión, diálogo, comprensión del lenguaje, intención...”* (p. 28).

Por último, segundo establece a VIU³ (Universidade Internacional de Valencia) nun dos seus informes, podemos definir este termo como *“un método de enseñanza que ayuda al sujeto a canalizar las emociones a través de la expresión artística y, por lo tanto, contribuye al desarrollo cultural y cognitivo de las personas”.*

A modo resumo, cabe destacar as diferentes condutas e capacidades básicas que poñen de manifesto as distintas propostas de actividades e tarefas relacionadas coa educación artística como son: tódalas relacionadas coa percepción visual, táctil e cenestésica, a creatividade, a intelixencia espacial, o pensamento visual, a imaxinación e memoria visual, a capacidade de valoración

² Arte (2008). En Definición.de. Recuperado de: <https://definicion.de/arte/>

³ Buenas prácticas en educación artística (2018). Recuperado de: <https://www.universidadviu.com/buenas-practicas-en-educacion-artistica/>

e avaliación cualitativa de imaxes e obxectos, e por último, a sensibilidade estética (Marín Viadel, R., 2003).

2. Evolución e situación actual da Educación Artística

“A lo largo de la historia de la educación en estos siglos, las artes visuales eran vistas como una ocupación demasiado baja, como para ser digna de las personas socialmente prominentes, o bien como una actividad ociosa a la que solo los ricos podían dedicarse. (Efland, 2002)

As primeiras manifestacións expresivas rexistradas na historias son as artísticas, antes incluso, do linguaxe literario escrito, musical ou matemático. Os primeiros indicios de educación artística correspóndense coa aparición do debuxo, dende que o ser humano fai a súa primeira obra artística, pois nese momento comezouse a imitar e polo tanto, a ser inmediatamente ensinado a outros. Dende ese momento, ten pasado por numerosas etapas ao longo da historia, sufrindo cambios notables dende a antigüidade ata os nosos días. A continuación, farei un breve percorrido para que nos fagamos unha idea da evolución⁴ da mesma e a situación actual na que nos atopamos.

As primeiras referencias que podemos atopar respecto a educación artística son as propostas por Platón e Aristóteles que a consideraban indispensable para o desenvolvemento integral da persoa. Durante a Idade Media, o único indicio de arte que existía era aquel que se desenvolvía nos talleres profesionais dos diferentes gremios, enfocado a desempeñar posteriormente un traballo, baseándose nas técnicas e materiais a empregar e deixando de lado a creatividade.

Coa chegada do Renacemento, apareceron as primeiras academias de debuxo que xa ofrecían unha formación especializada e organizada, centrándose na xeometría e na teoría sobre a perspectiva, proporción, anatomía.. pero continuaba a ser fundamentada na imitación, de novo, cero creatividade.

Se ben é certo, o que coñecemos como educación artística institucionalizada, nace na primeira metade do século XX, cando o debuxo comeza a introducirse na etapa de educación primaria e secundaria como a capacidade propia que

⁴ Hidalgo de la Mora, Javier (2012). El arte: historia de un concepto. MuchArte (consultado o 30/03/2020)

teñen os nenos e nenas de comprender o mundo que os rodea e tamén, comeza a relacionarse a forma de debuxo coa idade e desenvolvemento do neno/a. Ademais, aparecen os primeiros manuais baseados, por suposto, na copia de láminas, como por exemplo, o publicado por Pestalozzi en 1803, “ABC de la intuición”. Nesta época, tamén cobrou especial importancia o papel desenvolto por Fröebel, que elaborou material e xogos plásticos considerados eficaces para lograr plasmar formas.

Durante a segunda metade do século, comeza a dárselle valor a etapa infantil, comezará a entenderse como un período pleno, coas súas propias características e necesidades, o neno como persoa, con dereitos a identidade persoal, a dignidade e a liberdade. Todo isto, gracias a Declaración dos Dereitos do neno (1959). Ademais, fomentárase a educación artística nas escolas como favorecedora do desenvolvemento de habilidades para a expresión libre. Finalmente, no ano 1951 crease a sociedade internacional da educación a través da arte por parte da UNESCO, que avoga pola pintura e o libre modelado, así como a obrigatoriedade da educación artística en primaria, pois a etapa infantil nunca foi considerada de interese.

A continuación, tendo en conta a cantidade de leis polas que pasou a nosa educación durante os últimos anos, gustaríame facer unha breve referencia ao papel da educación artística en cada unha delas, para concluír finalmente, cos cambios actuais que se pretenden implantar.

Así pois, foi por primeira vez no 1970, coa *Lei Xeral de Educación (LGE)*, cando se incluíu o debuxo en tódolos niveis da ensinanza e entendíase o arte infantil como forma de desenvolvemento persoal, por fin tíñase en consideración a esta etapa. Seguidamente, foi o momento da *LOECE -1980-* (que nunca chegou a entrar en vigor) e da *LODE -1985-* que apenas supuxo cambios notables. Finalmente, no 1990,ponse fin a *LGE* de 1970 e proponse a *Lei de Ordenación Xeral do Sistema Educativo (LOGSE)* coa que a educación artística adquire maior peso no currículo, incluíndose de xeito obrigatorio nos tres primeiros cursos da recen incorporada “ESO” (Educación Secundaria Obrigatoria) e como optativa en 4º curso. Ademais, introdúcese o bacharelato artístico como modalidade previa á formación profesional ou universitaria, permitíndolle aos nenos e nenas detectar os seus intereses con antelación.

Dando un pequeno salto no tempo, partimos do 2002, coa proposta da *LOCE (Lei Orgánica de Calidade da Educación)* que aínda que non se puxo en práctica definitivamente, supuxo unha brecha que encamiñaba a educación artística cara o esquecemento, restándolle a pouca importancia que fora adquirindo ata o momento, ofrecéndolle menos horas (de 105 a 75) e, polo tanto, menos contidos. Ademais, elimínase definitivamente a materia en 2º da ESO.

Catro anos despois, no 2006, propónse a *LOE (Lei Orgánica de Educación)* na que se recolle unha serie de competencias básicas que se terán que ter adquiridas ao rematar a ensinanza obrigatoria e entre as que se atopan a cultural e artística. E, finalmente, no 2013 propónse a *LOMCE (Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa)*, que deixa en mans das distintas comunidades autónomas a decisión da obrigatoriedade da educación artística (plástica e musical), provocando de novo a diminución do número de horas de gozo nos centros de primaria. Todo isto, ven provocado pola decisión do actual Ministro de Educación, Cultura e Deporte (2011-2015), José Ignacio Wert Ortega, que promovía a indiscutible importancia das materias instrumentais (Matemáticas e Lingua) e os idiomas, deixando de lado todo o que tiña que ver coas artes. En xeral, podo dicir, que a educación artística no noso país sempre tivo connotacións negativas e sempre foi considerada como materia de estudo de menor categoría e, por desgraza, isto segue a acontecer na actualidade.

Podemos comprobar que o anterior é certo, a través da proposta actual dunha nova lei de educación que pretende ser mestura entre a *LOE* e a *LOMCE*; a *LOMLOE*, tamén coñecida como a Lei Celaá⁵ (proposta pola ministra de educación dende 2018, María Isabel Celaá Diéguez); que pretende quitarlle aínda máis horas lectivas a educación artística e propoñela como materia optativa. Aínda non entrou en vigor dita lei, mais xa se están a mobilizar cidadáns e docentes en contra das novas intencións da ministra, tratando de facerlle entender a repercusión positiva que tería no sistema educativo unha maior presenza artística, estética, visual e/ou audiovisual para o verdadeiro

⁵ Por una Ley Educativa española que valore la educación artística (28 de febrero de 2020). Cultura inquieta. Recuperado de: <https://culturainquieta.com/es/inspiring/item/16530-por-una-ley-educativa-espanola-que-valore-la-educacion-artistica.html>

desenvolvemento integral dos nenos e nenas dende infantil ata os máis altos niveis da educación.

3. A Educación Artística no currículo de Educación Infantil.

Para analizar en primeiro lugar a presenza da educación artística no noso currículo debemos facer referencia ao *Decreto 330/2009 do 4 de xuño polo que se establece o currículo de Educación Infantil na comunidade autónoma de Galicia*. Tal e como se establece nas disposicións xerais do mesmo, “*O currículo desta etapa oriéntase a lograr un desenvolvemento integral e harmónico da persoa nos distintos planos -físico, motor, emocional, afectivo, social e cognitivo- e a procurar as aprendizaxes que contribúen e fan posible o devandito desenvolvemento*”, organizándose así os contidos curriculares en tres grandes áreas:

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento do contorno.
- Linguaxes: comunicación e representación.

Si ben é certo que a través da educación artística podemos lograr o desenvolvemento das capacidades necesarias para adquirir os obxectivos establecidos dentro de cada unha das áreas citadas con anterioridade, prestaremos especial atención a *Área 3. Linguaxes: comunicación e representación* concretamente, ao *Bloque 2: Expresión plástica e musical*, para o primeiro ciclo, e *Bloque 2: Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal*, para o segundo; pois é onde se toca de cheo esta cuestión, incluíndo todos os contidos que se refiran a capacidade creativa para comunicar, representar e expresar a realidade a partir da elaboración orixinal dos sentimentos, ideas, experiencias e sensibilidade dos cativos e cativas a través de diversas linguaxes artísticas (plástica, musical, corporal).

En dita area propóñense unha serie de *Obxectivos Xerais* que se terán que cumprir de cara a intervención educativa na etapa infantil. A continuación presentarei aqueles que eu considero que se centran máis no desenvolvemento das capacidades relacionadas coa educación plástica pois é na que versará principalmente todo o documento, sendo os seguintes:

- *Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de gozo.*

- *Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar... desde as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos...*
- *Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, comunicándose creativamente a través das diferentes manifestacións e adquirindo sensibilidade estética.*
- *Desenvolver o sentir de autoconfianza nas producións artísticas persoais, amosando interese pola súa mellora, respectando e valorando as creacións propias e as das demais persoas.*

Tendo en conta os obxectivos descritos con anterioridade, podería parecer nos que se lle da bastante importancia ao traballo na educación artística pero... realmente sucede así? Debería poder dicirse que si, pero na realidade que eu vivín no período de prácticas e noutros contactos con escolas infantís e colexios durante a miña formación como mestra, primeiro no ciclo superior e agora durante a carreira, demostroume que realmente non se lle da a importancia que debería. Moitas das actividades e propostas que se ofrecían nos distintos centros eran guiadas e demasiado estruturadas, cunha temática estereotipada, o que coartaba a liberdade de expresión e creacións dos pequenos/as.

De igual xeito, a continuación farei referencia aos contidos específicos de ambos bloques (primeiro e segundo ciclo de educación infantil), onde se recollen aqueles aspectos relacionados coa educación plástica e musical, aínda que nós nos centraremos na primeira delas:

Bloque 2. Expresión plástica e musical

- *Utilización de técnicas e elementos básicos para a expresión plástica.*
- *Interese e gozo pola experimentación e creación de obras plásticas.*
- *Observación, interpretación e valoración de diferentes tipos de obras plásticas presentes no contorno.*
- *Valoración e respecto polas producións propias e polas dos/as demais.*

Bloque 2. Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal.

- *Exploración sensorial dos elementos presentes no contorno integrando actividades de tocar, ulir, oír e ver.*
- *Potenciación da imaxinación e fantasía do alumnado para enriquecer a actividade creativa.*
- *Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica: liña, forma, cor, textura, espazo e volume.*

- Gozo coas obras artísticas distinguindo e apreciando elementos básicos das formas de expresión -cor, forma, liña, movemento, volume, texturas, ritmos, melodías, timbres, entre outros- que lles permitan ás nenas e aos nenos desenvolver a súa sensibilidade estética.
- Exploración das posibilidades plásticas e creativas de distintos materiais, útiles e soportes -papeis, cartón, arame, plástico, teas, cortiza, barro, rasquetas, cepillos, esponxas, pantalla de ordenador, mesa de area, retroproector, encerado dixital, fotografías....- e das distintas técnicas -debuxo, pintura, collage, amasado, modelado, escultura e a combinación de dúas ou máis técnicas...- como recursos e medios de expresión e comunicación de feitos, sentimentos, emocións, vivencias, fantasías, experiencias...
- Experimentación e coñecemento das posibilidades de transformación dos diferentes materiais e obxectos.
- Descubrimento das posibilidades creativas e plásticas da luz, das sombras e da cor, empregando recursos como a luz natural, lanternas, lámpadas, proector...
- Interpretación e valoración de diferentes tipos de obras plásticas presentes na aula, no contorno, en museos e exposicións reais ou virtuais, obradoiros de artistas e persoas artesás manifestando e compartindo a través das diversas linguaxes as sensacións e emocións que producen, así como indicando o que gusta e o que non.
- Planificación do proceso de elaboración dalgunha obra plástica, o seu desenvolvemento e posterior comunicación, valorando a realización de bosquexos para a consecución dunha melloría na produción.

Neste caso, respecto aos contidos que se propoñen, teño que dicir de novo que en base a miña experiencia, moitos deles non son nin traballados, xa sexa por falta de tempo, recursos, formación por parte do profesorado ou simplemente, falta de interese. Si ben é certo que se lles presentan traballos con elementos plásticos, representacións mediante debuxos, interpretacións dalgunha obra; sen embargo, todo o que fai referencia a creatividade, expresións de sentimentos ou emocións, partir dos seus intereses, uso de materiais variados e non específicos das artes (elementos da vida diaria: sal, cepillo de dentes, pauciños, globos...), visitas a museos ou tan sequera de xeito virtual co uso das Tics; queda relegado a un segundo plano ou en moitas ocasións, nin se realizan.

Finalmente, aparecen reflectidos os Criterios de avaliación, concretamente dous que irán enfocados a educación artística:

- *Expresarse e comunicarse utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.*

Con este criterio comprobarase se o alumnado se serve das diferentes representación - plásticas, musicais, corporais e audiovisuais- para plasmar as súas vivencias, emocións e sentimentos, facendo uso dos diferentes materiais, instrumentos e técnicas propios destas linguaxes. Así mesmo, valorarase o interese e curiosidade que o alumnado manifesta por incorporar ás súas producións libres diferentes materiais, técnicas e recursos tecnolóxicos.

- *Mostrar interese por explorar as súas posibilidades de expresión e representación, por gozar coas súas producións e por compartir as experiencias creativas, estéticas e comunicativas.*

Observarase o gusto por experimentar e explorar as posibilidades expresivas do corpo, dos elementos plásticos, da voz e dos sons. Valorarase tamén a capacidade para expresar as distintas impresións que lle producen a cadaquén as obras artísticas.

Para concluír este apartado e un pouco a modo resumen, podería dicirse que quizais os aspectos onde mais erra o currículo ou onde se queda máis curto ao meu parecer, son os de obxectivos e contidos mentres que, no que se refire aos criterios de avaliación paréceme interesante que se centre tanto en avaliar a actitude do nenos/a, o seu interese e curiosidade e exploración como tamén, o desenvolvemento de capacidades como a crítica, a creatividade ou a sensibilidade estética.

4. Por que é importante a Educación Artística na etapa infantil.

Porque todo isto? Porque preocuparse pola educación artística na etapa infantil? Porque o estudo da súa evolución e a crítica a súa escasa presenza no currículo ou no sistema educativo en xeral? Como futura mestra e tras vivir varios períodos de prácticas, onde puiden coñecer a realidade de varios centros e a maior o menor presenza da educación artística no día a día dos cativos e cativas; dinme conta de que era absolutamente necesario introducir esta disciplina xa dende a escola infantil, dende as idades máis temperás, incluso se cabe, antes da escolarización, no traballo previo coas familias.

Precisamente isto é así, porque tal é como establecen algúns autores, os nenos e nenas a nivel evolutivo entre os 12 meses e os 12 anos atópanse nun período sensible de aprendizaxe plástico. Isto quere dicir, que neste tempo os nenos e

nenas están predispostos a unha maior adquisición de aprendizaxes relacionados con estes saberes e o desenvolvemento nestas áreas que desaproveitemos non será tan sinxelo implementalo máis tarde, de aí, a importancia de traballar a educación artística nestas idades.

Como xa sabemos, a Educación Artística é unha materia que desenvolve capacidades, actitudes, hábitos e comportamentos, potencia habilidades e destrezas e, ademais, é un medio de interacción, comunicación e expresión de sentimentos, emocións e actitudes que permite o desenvolvemento integral⁶ dos nenos e nenas, mozos e adultos. Poderemos adquirir pois, a través dunha única disciplina, habilidades cognitivas, emocionais, creativas, motoras e da linguaxe; especialmente, da linguaxe non verbal e plástica.

En primeiro lugar, a nivel cognitivo a educación artística permite aos nenos e nenas estimular ambos hemisferios cerebrais, crear unha base e un apoio para o desenvolvemento das estruturas mentais máis complexas de cara a outras materias ou disciplinas como as ciencias ou as matemáticas, que en cambio, só traballan un dos hemisferios. Por outra banda, mellora notablemente a concentración e a atención, habilidades indispensables para aprender e realizar traballos de maior calidade, pois tal e como afirma Daniel Goleman (2018) “*Saber concentrarse es más decisivo para un niño que su coeficiente intelectual*”. Ademais, favorece a comprensión do entorno que nos rodea e a función executiva (memoria de traballo, planificación e resolución de problemas). Por último, e non por iso menos importante, favorece notablemente o desenvolvemento da imaxinación e por suposto, da creatividade; ambos conceptos ou habilidades que nos dotan de plena liberdade de pensamento e acción, non existen límites a todo o que podemos imaxinar; como di Eisner, “*La imaginación nos ofrece imágenes de lo posible que constituyen una plataforma para ver lo real y, al ver lo real con ojos nuevos, podemos crear algo que se encuentra más allá de ello*”. Do mesmo xeito, William Blake afirma que “*lo que hoy es evidente, una vez fue imaginario*” e de cortar as ás a esta disciplina, a nosa sociedade nunca sería capaz de avanzar.

⁶ Escuela de arte Naxos (2014). Los beneficios de la formación artística en la educación infantil y primaria. Recuperado de: <https://artenaxos.com/2014/08/31/los-beneficios-de-la-formacion-artistica-en-la-educacion-infantil-y-primaria/>

Precisamente, da importancia desta última capacidade, a creatividade, centrarei o meu capítulo 2, e en xeral o meu traballo pois considero esencial non eliminar esta habilidade innata nos nenos e nenas, porque realmente lle estaríamos negando unha parte do seu ser. Como afirma Lowenfeld (1981) *“Uno de los objetivos principales de la educación consiste en poder formar a personas creadoras que sepan solucionar problemas de cualquier índole, resolver las dificultades que la vida les plantea. La introducción de la educación artística en los primeros años de la infancia podría muy bien ser la causa de las diferencias visibles entre un ser humano con capacidad creadora propia y otro que no sepa aplicar sus conocimientos”*

A nivel emocional, a educación artística facilita a expresión de emocións e desexos que viven no neno, permitíndolles identificar o que eles e outros senten. Un exemplo claro sería a discriminación de cores de acordo con como nos sentimos; ante unha emoción positiva, tenderemos a empregar cores máis vivas, claros mentres que, ante as emocións negativas, soemos decantarnos por cores escuros ou mesmo, negro. Ademais, contribúe ao desenvolvemento persoal dos alumnos, tras realizar un esforzo, logran sentirse orgullosos das súas creacións, aspecto que favorece a autoestima e a disciplina, demostrando que o traballo e o esforzo, teñen a súa recompensa. Por outra banda, podemos considerar que tamén funciona como terapia, permite illarse positivamente da realidade, o que diminúe a tensión e xera sentimentos de felicidade.

A nivel motor, podemos dicir que tanto a psicomotricidade como a educación plástica están intimamente relacionadas, pois unha sen a outra non poderían funcionar con normalidade. Así, a educación artística contribúe a mellorar a coordinación viso-manual o que permitirá un dominio e precisión posterior á hora de manexar o lapis, os diferentes pinceis, pintura de dedos, etc. Por outra banda, favorecerá a pinza dixital⁷, entendida como a *“movilidade de mans e dedos necesaria para a manipulación de obxectos, creación de novas figuras e formas e perfeccionamento da habilidade manual”*. Importante tamén, favorece a direccionalidade e lateralidade, o que lles permite a diferenciación esquerda-dereita así como, o predominio funcional dunha parte do corpo sobre a outra.

⁷ Pinza dixital (2006). La psicomotricidad fina, paso previo al proceso de escritura (Javier Aguirre Zabaleta). Recuperado de: http://www.waece.org/cd_morelia2006/ponencias/aguirre.htm

Obviamente todos estes conceptos e habilidades non serán posibles sen un traballo á par da psicomotricidade.

A nivel lingüístico, os nenos e nenas comunícanse cos seus iguais e os adultos a través da expresión plástica incluso antes de ter adquirido a linguaxe oral. Unha educación artística variada e ampla, suporá unha adquisición moi rica de vocabulario relacionado coas cores, os materiais, etc. e tamén abrirá diálogo entre os nenos e nenas tratando de explicar e expor as súas creacións, algo que lles enriquecerá a ambos sen dúbida.


Por si non fosen suficientes a cantidade de beneficios que supón, ademais, existen numerosos estudos que analizan a presenza da educación artística na aula e que revelan a notable mellora que existe naqueles nenos e nenas que traballan as artes plásticas dende a etapa infantil, tanto a nivel académico como de comportamento, fronte a aqueles onde non se lles da a importancia real. Un exemplo sería o estudo⁸ realizado pola Facultade de Educación da UCLA entre estudantes estadounidenses de Secundaria que revelou que os que tiveran unha estreita relación coas artes, obtiñan cualificacións notablemente máis altas e tiñan menor risco ao fracaso escolar. Para rematar e coincidindo coas palabras de Arnheim (1993), *“El arte, por tanto, es uno de los instrumentos más poderosos de los que disponemos para la realización de la vida. Negar esta posibilidad a los seres humanos es ciertamente desheredarlos”*.

5. Revisión da formación do profesorado na educación artística

Facendo un percorrido polas diferentes universidades galegas que imparten o Grao de Mestre/a de Educación Infantil, podemos apreciar a pouca presenza da Educación Artística nos seus plans de estudos. A única que se centra un pouco máis nesta disciplina é a nosa, a USC (Universidade de Santiago de Compostela) xa que ademais da materia obrigatoria coa que contan as demais, oferta unha mención en Linguaxes Artísticas moi interesante e que de xeito optativo, nos permite ampliar a nosa formación en educación artística.

⁸ La importancia del arte en el desarrollo del niño (2016). Recuperado de: <https://www.conmishijos.com/educacion/aprendizaje/la-importancia-del-arte-en-el-desarrollo-del-nino/>

Presenza da educación artística na formación do Grao de mestre/a de Educación Infantil nas diferentes universidades galegas



■ Créditos totais ■ USC (24 créditos) ■ UDC (10,5 créditos) ■ Uvigo (12 créditos)

*Ilustración 2: Este gráfico pretende mostrar a menor ou maior presenza da educación artística no grao de maxisterio infantil das diferentes universidades galegas en comparación cos créditos totais das mesmas (240 créditos)
(Elaboración propia)*

Paréceme importante resaltar esta cuestión pois un mestre/a que non reciba unha educación de calidade en educación artística non será quen de ofrecerlla aos seus alumnos e alumnas, e creo que eu, nese aspecto, tiven bastante sorte, aínda que non realicei a mención, si cursei tódalas materiais que ofertan relacionadas coa plástica e a educación visual. Se ben é certo, tódolos profesionais da educación teñen a oportunidade de autoavaliarse e de detectar así, as súas carencias para tratar de melloralas ou solucionarlas. Como poden facer isto? Pois a través dunha formación continua que lles permita renovarse e adaptarse aos cambios que se van producindo na nosa sociedade e en consecuencia, tamén na educación, logrando así unha ensinanza e un aprendizaxe de calidade.

Capítulo 2. A creatividade

1. Que é a creatividade

A dicir verdade, a creatividade non é un termo sinxelo de definir xa que se trata dun concepto moi amplo e do que non existe un claro consenso que aclare o seu significado para todos os contextos que abarca. Por iso, creo que o máis acertado para comprendelo, é recorrer aos seus orixes. Así, facendo un pequeno análise etimolóxico, a palabra creatividade provén do latín *creare*, que significa *enxendrar, producir algo da nada*; e ademais, comparte raíz coa palabra *crescere* que significa *crecer*. Deste xeito, podemos considerar que o desenvolvemento da creatividade, implica axudarlle ao educando a crecer como persoa, do mesmo xeito, si a sociedade se volve cada vez máis creativa, estará buscando crecer, aumentar recursos, mellorar as súas condicións e resolver os seus problemas. Dun xeito simple, o Dicionario da Real academia española da lingua (RAE, 2013) defínea como “*facultad de crear*” ou “*capacidad de creación*”.

Para lograr unha definición moito máis completa e entender o termo a perfección, paréceme interesante analizar unha serie de erros⁹ propostos por *De Bono (1994)* e *Weisberg (1987)*, moi presentes nos nosos días, e que nos axudarán a definila con maior exactitude.

a. A creatividade non se pode aprender, mellorar ou potenciar

Isto é totalmente incerto, moitas veces pensamos que se trata so dunha característica propia dalgunhas persoas privilexiadas, grandes artistas, músicos ou empresarios. Pola contra, a creatividade é como un músculo que se pode adestrar e que gracias á práctica, logrará desenvolverse con éxito. Existe un desacordo entre os especialistas entre si realmente é unha capacidade innata coa que os nenos e nenas xa nacen ou non. Dende o meu punto de vista ambas ideas son compatibles, eu penso que si se nace con esta capacidade e que a medida que os adultos lles van cortando as ás, vai esfumándose. Aínda así,

⁹ Fernández Medina, Susana L. (s.f.) Educación Artística y creatividad: Desarrollo de una propuesta de educación artística desde el arte contemporáneo (TFG). Universidad de Valladolid. Recuperado de: <http://uvadoc.uva.es/handle/10324/3976>

unha vez perdida, si se pode recuperar, con práctica, un bo guía e un ambiente que invite ao seu desenvolvemento.

b. A creatividade existe vinculada exclusivamente a persoas rebeldes

Efectivamente isto enténdese así, pois as persoas con pensamento creativo, acostuman a non conformarse, a cuestionar cada paso co que non están de acordo. Isto habitualmente xera molestias e quebradizos de cabeza para algúns mestres, tachando de mal comportamento as súas constantes intervencións e caso omiso das instrucións que se lle dan. Einstein, Picasso ou Stravinsky foron exemplos claros de alumnos creativos, pero considerados altamente conflitivos na súa etapa educativa. Dende logo, as mentes creativas, abertas, son aquelas que desafían ao mundo pero tamén, son as que o axudan a avanzar.

c. A creatividade existe vinculada só aos artistas e a arte

Así é, dende tempos inmemoriais, a creatividade asociouse ao arte ata o punto de pensarse que toda produción artística, para considerarse como tal, debía ter un mínimo atisbo de creatividade. Isto non é correcto pois xa sabemos que a creatividade asociase a tódolos saberes da vida do ser humano, podemos ser creativos nas matemáticas, no noso traballo nunha empresa ou simplemente á hora de actuar ante calquera problema que se nos presente.

d. A intuición é suficiente para lograr a creatividade

Hai unha falsa crenza moi estendida sobre a idea de que a creatividade xorde de repente, de xeito espontáneo e sen unha preparación previa, por intuición e soamente é posible no caso das persoas creativas. Isto é falso pois segundo Wallas (1926) este pensamento segue unha serie de fases:

- Preparación: consta no recoñecemento do problema ou situación que se nos presenta e na recollida de información de tódalas circunstancias e dimensións que inflúen nela.
- Incubación: interiorización do problema.
- Iluminación: a solución xorde e todo cobra sentido.
- Verificación: analízase, verifícase e válidase a solución atopada.

e. *Creatividade e intelixencia son sinónimos*

De novo, falso. Poden existir alumnos/as altamente creativos a pesar de non contar cun alto rendemento académico nalgunhas materias. Do mesmo xeito acontece na teoría presentada por Gardner, as intelixencias múltiples que demostran que unha persoa pode destacar nalgunhas áreas e ter carencias noutras, independentemente do seu nivel intelectual xeral.

Tendo en conta todas as cuestións anteriormente citadas, podemos definir a creatividade de centos de formas tendo en conta os numerosos estudos realizados por psicólogos, educadores, neuropsicólogos, sociólogos, economistas e académicos de todo tipo; pero centrareime en escoller aquelas que máis se achegan ao que eu entendo por creatividade. Así, por exemplo, a creatividade é *“a capacidade de crear, inventar, innovar, de generar ideas alternativas ante determinadas situaciones o respuestas para solucionar problemas”* ou, segundo a *psicología cognitiva*, *“es la habilidad de darle distintas respuestas o soluciones al mismo problema”*.

Segundo o psicólogo estadounidense que publicou o primeiro artigo sobre a creatividade, Guilford (1968) este termo defínese como *“una forma diferente (o divergente) de procesar la información en la que se establecen una serie de nuevas conexiones que posibilitan el proceso creativo”*. Guilford diferencia así dous tipos de pensamento¹⁰: converxente ou lineal e diverxente ou lateral. O pensamento converxente parte dun coñecemento adquirido, é dicir, ante calquera problema este proceso mental busca unha resposta xa existente, rápida, lóxica e precisa. Pola contra, o pensamento diverxente é flexible, crea ou explora múltiples solucións aos problemas, rompendo esquemas, desafiando, cuestionando evidencias, en definitiva, actuando sen límites para ofrecer a maior cantidade de respostas dende calquera punto de vista posible. Este último é o que aparece ligado a creatividade e é o que deberemos fomentar, tanto dende a escola como nos fogares.

¹⁰ Pensamiento convergente y divergente en la creatividad (16 de julio 2018). En capitalismo consciente. Recuperado de: <https://capitalismoconsciente.es/blog/pensamiento-convergente-divergente-la-creatividad/>

Outra definición posible é a proposta por Torrance (1965) *“La creatividad es un proceso que vuelve a alguien sensible a los problemas, deficiencias, grietas o lagunas en los conocimientos y lo lleva a identificar dificultades, buscar soluciones, hacer especulaciones o formular hipótesis, aprobar y comprobar estas hipótesis, a modificarlas si es necesario además de comunicar los resultados”*.

Tras estas definicións podemos concluir dicindo que a creatividade pode ser entendida como a actitude de pensar de xeito diferente á que se entende como “normal” ou “habitual” e que está relacionado coa innovación, pois busca mellorar as respostas xa coñecidas, aportando novas e diferentes ideas para dar resposta a unha mesma incógnita.

2. A creatividade na escola

Todo o mencionado con anterioridade pódese traballar dende a escola e unha das materias do currículo que máis a fomenta é precisamente a educación artística, aínda que obviamente, non é a única. Pero isto sucede así?

Diversos resultados do informe Pisa remarcan o gran déficit de creatividade que existe en España, situándoa nos últimos postos fronte ao resto de países. Isto é preocupante pois tal e como nos conta Nuria Pérez (2017) *“Fomentar el pensamiento creativo en los niños significa y se traduce en crear niños más autónomos, más resilientes y mejores líderes”* e, en realidade, o noso sistema educativo, en lugar de estimulala, encárganse de inhibila.

Son moitos os expertos en psicoloxía e educación convencidos de que o noso sistema educativo mata a creatividade do seu alumnado. Un dos máis destacados é Ken Robinson, educador, escritor e conferencista británico considerado experto en creatividade, calidade da ensinanza, innovación e recursos humanos; que na súa famosa conferencia “Las escuelas matan la creatividad”¹¹ (2006) expón un dato extremadamente preocupante como que “A los 5 años el 90% de los niños son creativos y a los 7 solamente el 10%”. Tras este dato, podemos dicir que efectivamente as escolas lles cortan as ás a

¹¹ Ken Robinson (2006). Las escuelas matan la creatividad. Recuperado de: https://www.ted.com/talks/sir_ken_robinson_do_schools_kill_creativity/transcript?language=es


creatividade, capacidade que inunda aos máis pequenos dende que nacen, ensinándolles a pensar como adultos, e non aprendendo aos adultos a pensar como nenos. A seguinte imaxe, móstranos a visión dun adulto ante un simple debuxo, onde unicamente é capaz de ver un sombreiro. Se lle preguntásemos a un neno, as respostas serían moito máis variadas e sorprendentes.



Enseñé mi obra de arte a las personas mayores y les pregunté si mi dibujo les daba miedo.

—¿por qué habría de asustar un sombrero?— me respondieron.

Mi dibujo no representaba un sombrero. Representaba una serpiente boa que digiere un elefante. Dibujé entonces el interior de la serpiente boa a fin de que las personas mayores pudieran comprender. Siempre estas personas tienen necesidad de explicaciones. Mi dibujo número 2 era así:



*Ilustración 1': Ceci n'est pas un chapeau (2015) Imaxe extraída do libro "El principito" de Antoine de Saint-Exupéry.
Recuperado de: <https://lasociedadsupersecreta.wordpress.com/2015/01/27/en-frasco-pequeno-el-principito/>
(11/04/2020)*

Outro claro exemplo de todo isto é o vídeo [“La flor”](#) moi simple pero que explica á perfección como a mente dun neno chea de creatividade, pode truncarse por culpa dun mestre ou sistema educativo que non o apoia e non lle ofrece ferramentas para fomentala.

A modo resumen, é despois de ver o vídeo, gustaríame destacar a importancia dos estímulos que o neno/a recibe grazas as persoas adultas de referencia, xa sexa mestre/a ou familias, xa que lles axudarán ao desenvolvemento da creatividade e a imaxinación. Polo tanto como futuros mestres a nosa labor deberá ser unha boa coordinación e colaboración familia-escola así como, unha actitude receptiva ante esta capacidade, seguindo, por exemplo, as cinco suxestións que nos ofrece Torrance (1972):

- *Ser respectuosos coas preguntas dos nenos/as.*
- *Desenvolver o interfluxe, un principio da creatividade que consiste en ser respectuosos coas ideas fantásticas ou pouco frecuentes dos nenos e nenas e intentar que se respecten entre eles.*

- *Desenvolver a alternativa múltiple, outro principio da criatividade que consiste en facer ver aos nenos que tódalas ideas son valiosas. Non hai que atopar a solución senón tódalas alternativas posibles, cantas máis mellor.*
- *Introducir períodos de actividade non sometidos a cualificación, o cal está estreitamente relacionado con la Educación artística, na que se debe dar máis importancia ao proceso que ao resultado final.*
- *Permitir que sexan os propios alumnos os que se autoavalién coa intervención do adulto. Así, educase ao suxeito en responsabilidade e liberdade e fortalecese a autorealización persoal.*

Para finalizar, dicir que os sistemas educativos deberían ter a obriga de mellorar os seus plans de estudos e leis educativas para que estes teñan en conta a importancia da criatividade na escola, unha habilidade básica para o avance da nosa sociedade. De igual xeito, tódolos mestres/as e futuros docentes, deberían facer unha autoavaliación da súa capacidade e tratar de melloralas pois, mestres non creativos, educarán nenos e nenas non creativos.

3. Test de criatividade

Un dos test máis recoñecidos para avaliar a criatividade na infancia é o proposto por Torrance (1966), Test de Capacidade de Pensamento Creativo (*Test of Creativity Thinking Ability*), unha proba psicométrica que serve para avaliar o nivel de criatividade figurativa e verbal dos nenos e nenas. Para pór en práctica dito test será necesario atender aos catro compoñentes que mellor caracterizan o pensamento diverxente, do que xa falamos con anterioridade.

- Fluidez: habilidade de evocar un gran número de ideas ou solucións posibles nun tempo determinado.
- Flexibilidade: habilidade para empregar diversas medidas, enfoques ou estratexias para resolver un problema.
- Orixinalidade: habilidade para pensar en respostas novidosas, pouco convencionais, que se saian do entendido como normal ou habitual.
- Elaboración: habilidade de desenvolver, completar ou embelecer unha resposta determinada.

No noso caso, tendo en conta que a parte verbal avalíase de xeito escrito e na etapa infantil non tódolos nenos/as dominan esta habilidade, centrarémonos

unicamente na parte de expresión figurativa, que consiste en completar debuxos a partir, unicamente, dalgúns trazos soltos.

Este test levouse á práctica no 1994, nel analizábase o pensamento creativo entre o alumnado das escolas Waldorf ¹²(449 nenos e nenas) e o das escolas estatais de Inglaterra, Alemaña e Escocia (1165 alumnos/as). Realizouse entre nenos e nenas de 3º e 6º curso e os resultados demostraron que os estudantes Waldorf eran moito máis creativos que os seus compañeiros dos colexios estatais. Do mesmo xeito aconteceu no test realizado aos estudantes das escolas Reggio Emilia¹³. Isto demostra os numerosos beneficios que teñen estas metodoloxías fronte ás escolas tradicionais, do que falaremos máis adiante.

4. Inhibidores da creatividade

Para rematar este apartado, centrareime en recoller os factores que inhiben a creatividade na escola, unha cuestión moi importante a ter en conta como futuros mestres, prestando atención, seremos capaces de modificar as nosas actuacións a fin de mellorar a nosa capacidade creativa e a do noso alumnado. Certamente existen moitos factores que poden dificultar a nosa creatividade, coartala ou bloqueala e incluso, eliminala de raíz. Algúns exemplos son o medo ao fracaso, o medo ao ridículo, os prexuizos, a baixa autoestima, etc.

Deste xeito, Trías de Bes (2013), escritor e economista español especializado en Marketing, Creatividade e Innovación busca responder á pregunta: *Que nos impide alcanzar a creatividade?* e para tratar de explicalo destaca a existencia de catro inhibidores:

En primeiro lugar, e para sorpresa de tódolos mestres e mestras (cun leve ton irónico), o principal inhibidor é a **educación**. De novo podemos facer referencia a idea de Ken Robinson “*Las escuelas matan la creatividad*” pois todos nacemos

¹² El test de Torrance (12 marzo 2017). Cera de colores. Recuperado de:
<http://ceradecolores.com/blog/2017/03/12/el-test-de-torrance/>

¹³ Akar Gencer, A. y Gonen, M. (2015). Examination of the effects of Reggio Emilia based projects on preschool children’s creative thinking skills. Recuperado de:
<https://www.sciencedirect.com/science/article/pii/S1877042815023800>

que coñecemos e non pensamos en como podemos darlle a volta ou melloralo. Volvémonos tremendamente conformistas, aferrados a nosa zona de confort.

Por outra banda, Goleman, Kaufmann e Ray (2000) baseada nos estudos da Dra. Amabile (citada por Ruiz, 2010) falan dos asasinos da creatividade, que farían a súa aparición na propia escola por un uso incorrecto:

- A vixilancia constante do alumnado facéndoos sentir observados e coartándolles a liberdade.
- A avaliación , facendo que os nenos e nenas rematen preocupándose en exceso polo que pensen os demais, precisando a aprobación constante do adulto. É importante que o neno logre gozar dos seus propios logros e non por factores externos.
- A recompensa, o uso excesivo de premios priva ao alumnado do pracer intrínseco da actividade creativa.
- A competencia. Debería permitírselle ao neno experimentar pola súa conta, evitando expoñelo a situacións de gañar ou perder.
- O exceso de control que indica ao alumnado en todo momento como debe facer as cousas, entendendo a exploración como unha perda de tempo, sen deixar libre á imaxinación e a creatividade.
- Restrición da toma de decisións, pouca autonomía e liberdade de pensamento.
- A presión e a falta de respecto aos seus ritmos. É imprescindible confiar no neno, respectar os seus ritmos e tempos, o seu espazo para desenvolver as súas propias ideas, sen recibir presión polo resultado. Ao limitar o tempo das súas actividades, pensamentos e reflexións estamos eliminando o factor clave da creatividade: o tempo sen límites. O traballo a contra reloxo e baixo a continua presión do tempo só resta á creatividade, ao provocar un pensamento menos creativo (Ruiz, 2010)

Para rematar, vexo conveniente facer referencia as palabras de Clemencia et al (2004) que afirma que a educación e a sociedade foron xerando seres inseguros, tímidos, medrosos e incapaces de expresar publicamente os desexos e necesidades dificultando a comunicación e a libre expresión (Waisburd,1996). Todo isto, demostra a falta de preocupación que os axentes socializadores

(familia, sociedade e escola) teñen pola formación creativa de toda a poboación, xa sexa de nenos e nenas, como adultos; favorecendo os xa nomeados bloqueos ou inhibidores. É necesario que tanto os profesionais da educación como nós, futuros mestres e mestras, reflexionemos e poñamos da nosa parte para modificar esta situación e tratar de eliminar ou reducir ditos inhibidores.




Ilustración 3: Tonucci, F. (1986). "La elección". Recuperado de:
<http://escuelasinexclusiones.blogspot.com/2012/12/eso-en-la-lomce-la-luz-del-borrador-ii.html>

Capítulo 3. Un atelier na aula

1. Contextualización

Historicamente teñen existido períodos de gran sensibilización cos principios da ensinanza creativa, por exemplo, na década dos 70 co movemento da educación aberta¹⁴. Pero, tal e como podemos ver ao longo o desenvolvemento deste traballo, a excepción dalgún caso concreto, a norma sempre foi separar a creatividade e a educación.

Mentres en España se seguía un modelo tradicional, no norte de Italia iniciouse un movemento que provocou un gran cambio no xeito de pensar e entender a vida, a imaxe da infancia, respectando as súas capacidades e necesidades; en definitiva, loitábase por un cambio na educación que axudará a remontar ao país tras da II Guerra Mundial.

A filosofía Reggio Emilia é unha experiencia educativa que nace no 1945, no norte de Italia, na rexión da Emilia Romagna, concretamente na cidade de Reggio Emilia, que da nome a este método. É recoñecida a nivel mundial como unha das mellores propostas para a primeira infancia baseada nos principios de responsabilidade, respecto, creatividade e comunidade. De feito, é tamén coñecida como “a pedagogía do asombro”, pois defende ante todo que un neno aprende o que experimenta e que sen asombro e emoción (sen diversión) non sería posible un aprendizaxe real.

O periodista e pedagogo Loris Malaguzzi foi o máximo representante deste movemento, dedicando parte da súa vida á construción dunha experiencia de calidade onde se puidese recoñecer o dereito dos nenos e nenas a ser educados en contextos dignos, esixentes e acordes as súas capacidades (Hoyuelos, 2011). Para lograr todo isto, ao longo da súa historia, foi nutréndose de diversos psicólogos e pedagogos tales como Rousseau, Locke, Pestalozzi, Froebel, Dewey, Decroly, Piaget, Bruner, Vigotsky ou Bronfenbrener.

¹⁴ Educación aberta: movemento educativo innovador que xurdiu na década de 1970 e tiña por obxecto que a maioría das persoas que quixesen aprender tivesen acceso libre e gratuíto ao coñecemento e a educación, sen importar onde viven ou o seu status económico. Recuperado de: <https://blogthinkbig.com/que-es-la-educacion-abierta>

Esta pedagogía avoga por unha educación flexible e aberta ao diálogo, onde o neno é visto como un construtor activo da realidade, cun gran potencial que lle nace da curiosidade por descubrir e aprender. Para que esta visión sexa posible, o traballo das escolas Reggio Emilia baséanse en 12 principios básicos¹⁵ que lle outorgan o prestixio co que se lles recoñece a nivel mundial.

1. O neno como protagonista (1º mestre)

Os nenos e nenas son seres únicos, fortes, ricos, ca súa propia identidade, plenos de dereitos e potencialidades, moito máis capaces do que acostumamos a pensar. Así, a pedagogía reggiana segue o pensamento de que o neno é capaz de aprender por si mesmo seguindo o seu instinto de descubrir e a súa curiosidade innata. O coñecemento durante a infancia xorde de xeito espontáneo, sendo a emoción do descubrimento o motor imprescindible para aprender, “nada sen alegría”.

2. O docente como colaborador, guía e investigador (2º mestre)

Con esta forma de entender ao neno e o seu aprendizaxe, o adulto convertese nun observador atento dos seus procesos naturais que os acompaña na exploración de temas, proxectos, investigación e construción de aprendizaxe. Polo tanto, os mestres/as non serán considerados como “canguros” protectoras, que ensinan ao seu alumnado habilidades básicas senón que son vistos como aprendices xunto cos seus nenos e nenas. Son apoiados e valorados pola súa labor e ideas e son vistos como investigadores. Finalmente dicir, que tódolos mestres/as deben estar en continua formación para poder ofrecer aos seus alumnos/as unha educación de calidade.

3. Os espazos e o ambiente como terceiro mestre

Alfredo Hoyuelos, máximo representante e difusor da pedagogía reggiana no noso país, no seu libro *“La ética en el pensamiento y obra de Loris Malaguzzi”* considera tanto o espazo como o ambiente, un terceiro mestre. Emprega esta metáfora coa intención de demostrar que o ambiente é unha linguaxe máis e,

¹⁵ Red Educa (2018). Manual “Método Reggio Emilia”. Universidad de Nebrija. Editorial Euroinova.

como tal, comunica, moito máis incluso que o que podemos apreciar a simple vista.

Os espazos en Reggio Emilia acostuman a estar organizados de tal xeito que os nenos e nenas sexan quen de realizar autonomamente descubrimentos, propostas, investigacións, etc. sen a necesidade de guía e intervención constante por parte dos adultos. En definitiva, o obxectivo de Loris Malaguzzi é “*construir una escuela que no prepare para la vida sino donde se viva*”, un lugar “*que permita desarrollar al máximo las potencialidades y capacidades de los alumnos*” (Gomis, 2007) ¹⁶

Deste xeito, a organización do centro non é vista como un aspecto de xestión, senón que se integra e forma parte do proxecto. Buscase unha escola que a través do seu deseño arquitectónico, dos seus equipamentos e ambientación sexa atractiva e innovadora. Tendo en conta esta visión, non poden existir espazos estáticos nas aulas, entenderase o ambiente como un concepto vivo, cambiante e dinámico que irá variando en consonancia coa idade, intereses, necesidades e experiencias dos nenos e nenas; procurando brindarlles un ambiente propicio, dinámico e funcional, feito a súa medida.

Como futuros mestres deberíamos ter este aspecto moi en conta e seguir as indicacións de Cabanellas e Eslava (2005)¹⁷ que fomentaban o “*diseño de espacios para que los niños puedan experimentar, compartir, relacionarse, interactuar con los otros, sentir nuevas sensaciones y evocar otras. Espacios para hacer y deshacer, para crear, para descubrir, para adquirir nuevas habilidades, para aprender y también para equivocarse y donde todas las experiencias vividas sean de gran valor, ya que les acercan a la complejidad del mundo de los adultos y les ayudan en su propio proceso de crecimiento*”.

4. A participación das familias e a sociedade: a pedagogía das relacións

A escola é (ou debe ser) lugar de encontro para tódolos elementos humanos que a compoñen: nenos e nenas, persoal docente e non docente do centro e familias.

¹⁶ Citado en: Bueno Rodríguez, M^a I. (2015). Reggio Emilia: una manera diferente de trabajar en Educación Infantil (TFG). Universidad de Granada.

¹⁷ Citado en: El ambiente como tercer educador. Cultura de infancia. Recuperado de: <https://culturadeinfancia.com/el-ambiente-como-tercer-educador/>

A labor educativa non é unha labor exclusiva dos mestres e mestras nin debe rematar cos horarios lectivos senón que, as familias e demais membros da sociedade, deben participar e asumir o rol que lles corresponde por dereito e deber pois, so se obterá unha educación de calidade coa unión de tódolos membros (educación do mestre + educación das familias + educación doutros membros da comunidade educativa).

Tendo en conta a importancia dunha participación total e activa por parte de ambos axentes educadores, a escola deberá promover e facilitar a súa implicación na vida escolar, perseguindo todos un mesmo obxectivo: acompañar aos nenos no seu desenvolvemento e garantirlles un ambiente san, feliz e equilibrado, axudando a asegurar o benestar de tódolos nenos e nenas. Deste xeito, algunhas das posibilidades de participación poderían ser:

- Intercambio de información cos mestres/as
- Apoio nos proxectos
- Envío de materiais para as actividades
- Coñecemento e participación nas actividades de aula
- Visitas ao centro e aula
- Aportación de ideas e suxestións para a mellora da educación dos seus fillos/as
- Etc.

Todo isto, é o que se coñece nas escolas reggianas como a pedagogía das relacións, onde todas son importantes e levan aprendizaxes valiosos consigo. Non é algo raro ver aos nenos e nenas destas escolas pasearse polas cociñas ou conversar co persoal de mantemento, porque todos son considerados como acompañantes da infancia.

5. A documentación pedagóxica

“La documentación es la práctica de observar, anotar, interpretar y compartir los procesos y productos del aprendizaje a través de una variedad de medios para profundizar y ampliar el aprendizaje”. (Rinaldi, 2001)¹⁸

¹⁸ Definición Documentación. Creer es crear con alma. Recuperado de:
<https://creerescrearconalma.wordpress.com/2016/11/22/la-documentacion/>

Na pedagogía de Reggio Emilia, a documentación é unha ferramenta indispensable, que permite dar visibilidade e reflexionar sobre o aprendizaxe diario dos nenos e os adultos, así como, dialogar e tomar futuras decisións. Esta consiste “*en la recogida y exposición sistemática y estética (a través de escritos, imágenes, paneles, videos, palabras de los niños y niñas, productos gráficos...) de los procesos educativos*”. (Hoyuelos, 2007). Deste xeito, estes documentos teñen como fin coñecer e comprender mellor ao alumnado e non a tradución do cualitativo nunha nota. Finalmente, hai que ter claro que non é un proceso sinxelo, para realizar unha boa documentación pedagóxica hai que saber escoitar, observar e interpretar aos nenos e nenas, “*Las cosas de lo niños y para los niños, se aprenden solo de los niños*” (Loris Malaguzzi).

6. A teoría dos 100 linguaxes do neno

Para Malaguzzi, o neno ten moitas formas de interpretar o mundo e de representalo coas súas teorías e ideas, posúen [100 linguaxes](#) (xestos, miradas, sorrisos, posturas, silencios ademais dos ritmos, xogos, cores...) e non como acostuman a dar por feito os adultos, un único linguaxe verbal. A intención da escola reggiana e do seu impulsor, é que o adulto sexa quen de recoñecer e valorar as distintas maneiras que ten o neno de expresarse e comunicarse. No Anexo 1, poderemos ver o poema escrito por Loris Malaguzzi “*Los cien lenguajes del niño*”, crítico cos adultos e a sociedade en xeral, que lles rouban 99.

7. O atelier e a figura do atelierista

A idea de taller xurdiu do desexo de Loris Malaguzzi de sobrepasar as interpretacións das distintas linguaxes do neno ofrecéndolle un lugar para investigar onde a imaxinación, a creatividade e a expresión se entrelazaran. O *atelier*, que é como se denomina o taller nas escolas reggianas, é “*un espacio creado para dar rienda suelta a la imaginación, la expresión, la invención, la empatía... Un espacio donde los 100 lenguajes del niño pueden ser expresados y escuchados*” (Costa, 2013). Tódalas escolas reggianas contan, polo tanto, cun *atelier* por aula, onde se atopan miles de recursos e materiais cos que poder imaxinar, crear, explorar, manipular e facer, xunto coa presenza da “atelierista”.

Esta figura, non é unha cuestión esporádica senón que traballa a diario na escola xunto cas mestras achegándolle aos cativos/as a música, a pintura, a danza...

con proxectos onde os nenos e os adultos fixan os seus propios obxectivos. A súa formación é específica das artes e entre as súas achegas destacan:

- Fomentar o pracer por aprender
- Conectar aprendizaxes
- Favorecer a importancia da estética
- Introducir e reforzar a pedagogía das 100 linguaxes

Loris Malaguzzi loitou moito para poder integrar esta figura e este espazo, favorecendo o diálogo coa cidade e coa cultura da época e, na seguinte imaxe, podemos ver un exemplo dunha das escolas reggianas máis coñecidas, a *scuola Diana*.



Ilustración 4: El taller y la tallerista en la scuola comunale dell' infanzia Diana (1970).

Extraída de: Veà Vecchi (2013). "Arte y creatividad en Reggio Emilia". Editorial: Morata.

8. O redescubrimento da creatividade

Na pedagogía de Reggio Emilia, a creatividade é concibida como unha facultade innata que todos os seres humanos posuímos e que, cun traballo e unha estimulación adecuada, tódolos nenos e nenas serán capaces de poñela en practica non so a nivel artístico senón, que se converterá nunha facultade de aplicación xenérica a tódolos aspectos da vida do neno.

9. Traballo por proxectos

Nas escolas que traballan co método Reggio Emilia cabe destacar a importancia do traballo por proxectos, un conxunto de actividades nas que o alumnado debe resolver situacións, retos ou responder preguntas a través dos seus coñecementos, recursos, investigacións, reflexións, creatividade e cooperación activa. Estes proxectos xorden dos intereses dos nenos e nenas, os cales exploran, descubren e se expresan nos diferentes idiomas simbólicos (o debuxo, a escultura, a dramatización, a escritura, etc.), en definitiva, tal e como xa dixemos, son protagonistas indiscutibles do seu propio aprendizaxe.

10. O valor do cotiá

Este aspecto fai referencia a importancia que teñen os acontecementos do día a día, a aproveitar e rescatar as cousas importantes e extraordinarias que suceden na vida cotiá das escolas. Que mellor xeito de comezar un proxecto que partindo dunha situación que xorde no patio, real, cos nenos e nenas como protagonistas.

11. Sensibilidade estética

Na pedagogía reggiana outorgáselle un gran valor as cuestións estéticas, entendendo o espazo educativo como memoria, transformación e crecemento, que recolle tódolos procesos temporais e de vida de toda a comunidade educativa. Segundo Francesco Tonucci, a escola debería proporcionar un entorno rico, que solo entrar xa supoña un acto educativo e que, os espazos, deberían ser adecuados co mesmo criterio e cariño co que decoramos as nosas casas.

12. A práctica da escoita

Nunha das súas críticas, Loris Malaguzzi, fai referencia a *“lo mucho que hablamos de los niños, que hablamos poco con los niños y que mucho menos les escuchamos”*. Para entender a visión reggiana, temos que ter moi claro que escoitar significa prestar atención con cada un dos nosos poros o que a outra persoa nos esta dicindo dende o seu silencio, a súa alegría, o seu asombro e curiosidade, cun profundo respecto pola súa forma de comunicar e por todo aquilo que nos trata de transmitir. Este aspecto, moi importante na pedagogía reggiana, de aí que tamén se lle coñeza como a pedagogía da escoita, é decisivo para que o neno

lle atope un sentido ao que fai e atope o pracer e o valor que ten o poder comunicar. Así, gracias a escoita poderemos coñecer moito máis a cultura da infancia: a súa forma de pensar, de ser, de facer, de preguntar, desexar, etc.

2. Xustificación

Dentro de tódolos principios do enfoque reggiano, considero que o *atelier* e a figura da *atelierista*, son unha opción moi axeitada na que lograr unir creatividade e educación artística. Partindo desta base, decido centrar a miña proposta, que desenvolverei a continuación, no *atelier*.

Recordamos que o atelier é *“un espacio creado para dar rienda suelta a la imaginación, la expresión, la invención, la empatía... Un espacio donde los 100 lenguajes del niño pueden ser expresados y escuchados”* (Costa, 2013).

Á hora de decidir como organizar o noso *atelier*, decido investigar sobre a metodoloxía por recunchos¹⁹. Podemos definilos como os espazos situados dentro ou fóra da aula, onde os alumnos/as levan a cabo en pequenos grupos ou individualmente, tarefas manipulativas, investigan, desenvolven a súa creatividade e autonomía e realizan proxectos guiados polos seus gustos, intereses e a súa curiosidade. Existen dous tipos de recunchos, os que funcionan como complemento a algunha actividade, é dicir, son empregados para entreter aos nenos e nenas no seu tempo libre; e os que funcionan como contido específico, adquirindo tanta importancia como calquera outra actividade.

Por que decido decantarme por esta forma de facer? Pois porque tal e como afirma a autora Martín Torres (2008), este tipo de organización favorece a adaptación dos diversos intereses, ritmos de aprendizaxe e características de cada neno e nena, en definitiva, procura unha educación máis individualizada á vez que permite a interacción entre todo o alumnado.

Para que está metodoloxía funcione, debemos crear unha aula á medida dos nenos e nenas, tanto a nivel de espazo físico, cos materiais distribuídos de tal xeito que o alumnado poida acceder a eles e recollelos con facilidade; como a nivel temporal, xa que o tempo nos recunchos é suficiente para experimentar e

¹⁹ Federación de Enseñanza de CC.OO. de Andalucía (2011). “Trabajo por rincones en Educación Infantil”. Temas para la educación. Revista digital para profesionales de la enseñanza

esgotar as posibilidades que cada actividade lle brinda aos nenos e nenas. Para iso, deberán contar co material preciso, nin moito para que non se despisten, nin pouco como para que se limite a actividade; que se presentará de xeito ordenado e esteticamente vistoso, sempre cumprindo coas normas de seguridade.

Vantaxes e inconvenientes

Mentres que os inconvenientes desta metodoloxía son practicamente insignificantes, dificultade de avaliación pola simultaneidade de actividades e moita preparación previa, conta con numerosos beneficios ou vantaxes, entre os que se atopan:

- Facilita a autonomía
- Proporciona un aprendizaxe lúdico e significativo
- Favorecen a creatividade
- Desenvolve a observación, manipulación e investigación
- Multiplica as relacións sociais

Características principais ²⁰

Para crear un recuncho ou espazo adecuado é preciso que cumpra cos seguintes requisitos ou características:

- Delimitar con claridade o espazo, os materiais e as actividades
- Debe ser atractivo
- Ofrecer contidos suficientes para toda a sesión
- Que favoreza a autonomía, que non precise á supervisión e axuda constante do adulto
- Que favoreza a expresión e a creatividade
- Que permita a interrelación e a actividade en grupo
- Que podamos modificalo ou substituílo ao longo do curso ou cada certo tempo, cando sexa preciso
- É recomendable que o número de nenos e nenas por recuncho non supere os 5-6 como máximo, para que este sexa operativo.

²⁰ Gloppern (2013). Metodología por rincones. Recursos infantiles, blog del profesorado. Recuperado de: gobiernodecanarias

3. Proposta

Tendo en conta todo o falado con anterioridade e tras informarme e formarme na pedagogía Reggio Emilia, decido elaborar unha proposta na que teñan cabida tanto a creatividade como a educación artística seguindo os principios que fan único o enfoque reggiano. Unha das cuestións máis importantes do enfoque é o *atelier*, espazo no que se logran incluír practicamente o resto dos seus principios. Tendo en conta o poder deste espazo decido centrar a miña proposta no mesmo, deseñando tanto o espazo como os materiais que formarán parte del e organizando todo por recunchos ou zonas de traballo.

Que pretendo con esta proposta?

A miña proposta busca crear un pequeno espazo cheo de materiais, utensilios e obxectos que lle ofrezan aos nenos e nenas un mundo cheo de novas posibilidades, de poder experimentar con diferentes útiles e soportes; en definitiva, poñer aos seu alcance unha ampla variedade para que eles mesmos manipulen, escollan e experimenten con autonomía e liberdade. A través desta proposta, pretendo:

- Fomentar o seu pensamento creativo (diverxente) e crítico.
- Ofrecer novas técnicas e materiais plásticos e coñecer o seu uso.
- Contribuír á comprensión de que a educación artística é un proceso e non un fin en si mesmo, de tal xeito que non importa o produto final senón o proceso mesmo da creación.

Ademais, “Conseguir que os nenos e nenas gocen con cada unha das actividades, tendo a oportunidade de desenvolverse cognitiva, física, motriz, afectiva e socialmente”. Isto é así pois, a través destes espazos, poderanse cumprir outros moitos obxectivos relacionados con outras áreas pero non é o que nos incumbe nestes momentos, como por exemplo, facilitar o desenvolvemento da motricidade, a localización espazo-temporal e o autocoñecemento corporal.

A quen vai dirixida?

Esta proposta está pensada para nenos e nenas do segundo ciclo de educación infantil, pero como non lles esixe alcanzar un resultado determinado nin se

propoñen actividades onde prime o resultando ante o proceso, podería ser empregada perfectamente por nenos e nenas de tódalas idades ou para alumnado con algunha necesidade educativa especial.

Como afrontaremos esta proposta?

A metodoloxía empregada á hora de poñer en práctica esta proposta terá como prioridade o papel protagonista da infancia de acordo co construtivismo e co enfoque Reggio Emilia. Ofreceremos aos nenos e nenas a oportunidade de construír o seu propio aprendizaxe a través dun traballo vivencial e significativo pero sobre todo, libre; onde o realmente importante sexa o proceso e non o resultado final. A miña intención con esta proposta é facelos participes de todo o proceso fomentando a creatividade e a autonomía para que poidan expresarse con total liberdade desenvolvendo a súa vez un pensamento crítico sobre as súas creacións e as dos demais (sempre con respecto e tolerancia). Mentres os máis pequenos experimentan, observan e investigan; o papel dos adultos será o de orientadores e guías do proceso de aprendizaxe, manténdonos á marxe e intervindo só baixo demanda ou para resolver algún conflito que precise de nós.

Para lograr isto, os mestres deberán ter en conta as necesidades e intereses que teñen os nenos e nenas para que, a través dos distintos materiais e propostas, sintan o gusto de indagar, investigar, expresarse a través das distintas linguaxes dun xeito totalmente libre.

Organización do espazo

Tendo moi en conta todo o falado con anterioridade e sobre todo as pautas aprendidas durante a materia de *Organización e Xestión da Aula* (G3131203) impartida pola mestra María Lina Iglesias Forneiro sobre a organización do espazo en educación infantil, decido deseñar un atelier ao completo, que podería ser perfectamente aplicado a unha aula ordinaria, ben por zonas, ou ben ao completo de contar co espazo necesario.

Deste xeito, o noso *atelier* dividirase en 3 grandes zonas ou espazos e outros complementarios, que servirán de paso ou conexión duns con outros:



Zona de descanso

Este espazo estará delimitado por alfombras e contará cunha ampla variedade de libros e contos infantís para aqueles nenos e nenas que precisen actividades máis calmas ou un descanso logo daquelas actividades que requiran máis esforzo físico e/ou mental. É importante dicir, que os contos serán escollidos de acordo coa temática a traballar ou relacionado con algúns dos espazos activos no *atelier*.

Zona de descanso




Zona de provocacións

As provocacións forman parte do bloque de propostas que nos ofrece o enfoque Reggio Emilia, de igual xeito que a mesa de luz ou o traballo co retroproxeutor. É, segundo o define o blog [Actividades para guardería](#), de Laura Estremera,

“unha invitación, unha suxestión que invita aos nenos e nenas a participar a través da disposición de diferentes materiais”.

Sabendo isto, decido subdividir o espazo en 5 provocacións. Estas zonas terán como temática común a educación artística e a natureza (Land art²¹), ofrecéndolle aos nenos e nenas a oportunidade de pór a proba a súa creatividade e imaxinación dun xeito totalmente lúdico.

Zona de provocacións



P1. Mandalas: seguindo as propostas da estadounidense Kathy Klein e Inés Barros Baptista, propoñémoslle aos nenos e nenas que creen as súas propias composicións, por suposto, logo de ter explicado e traballado o concepto con eles e tomando como inspiración o libro: *Lori Bailey Cunningham (2010). The mandala book: patterns of the Universe. Editorial Sterling.*

P1. Mandalas



²¹ Land Art (Earth Art) é una corrente do arte contemporáneo na que se crean obras en plena natureza empregando (case sempre) materiais que podemos atopar nela: pauciños, pedras, xeo, follas... Algúns dos artistas máis destacados deste movemento son Robert Smithson, Andy Goldsworthy, Richard Long, Nils Udo, Jim Denevan ou Betty Beaumont, entre moitos outros.

P2. Hapa Zome²²: presentaremos diversos materiais naturais que plasmaremos en tela, papel ou rodas de madeira coa axuda dun martelo. Os nenos e nenas poderán facer as súas propias composición, decorar os seus cadernos, etc.



P2. Hapa Zome



P2. Hapa Zome



P3. Quen son?: neste espazo propoñemos aos nenos que debuxen o que ven no espello, en folios, papel cebola ou metacrilatos transparentes.



P3. Quen son?



P3. Quen son?

²² Hapa Zome: trátase dunha técnica do arte xaponés consistente en golpear follas e flores cun martelo para extraer os pigmentos naturais sobre un tecido ou superficie. Para máis información podedes visitar o blog [Inspirados en Reggio Emilia](#), de onde me inspirei.

P4. NaturArte: tras elaborar unha serie de pinceis con elementos naturais²³ e pauciños, os nenos e nenas poderán facer as súas propias creacións sobre papel continuo ou lenzo, vendo as posibilidades e pegadas que lle ofrece cada tipo de planta ou flor.




P5. Tecendo follas: esta zona contará con 3 actividades diferenciadas. A primeira, a provocación de arte con follas de árbores, onde inspirados no libro: *Ehlert, Lois (2014). Leaf man*, poderán crear o seu propio personaxe. Por outra banda, faremos composicións, tamén con elementos da natureza, sobre un tear²⁴ creado por nós mesmos. Por último, crearemos un cabalete entre dúas árbores para pintar sobre plástico, o que permitirá que coa luz solar, os debuxos se representen sobre o chan observando a mestura de cores, as formas creadas, etc.

²³ "Pintar con pinceles de ramas" do blog [Manualidade Infantiles](#).

²⁴ Para esta proposta, inspireime no blog "[Tierra en las manos](#)" onde explica como crear o teu propio tear natural con troncos, materiais e procedemento, así como, varias posibilidades de uso que nos ofrece.

P5. Tecendo follas




P5. Tecendo follas




Zona de luces e sombras

Trátase dun gran espazo adicado ao traballo con luces, tanto artificiais como naturais, e as sombras que logramos conseguir con isto. Xunto coa zona de provocacións, son os dous espazos predominantes no *atelier*. Neste caso, distribúese de acordo coa posibilidade de aproveitamento da luz solar que entra polas fiestras da aula e delimitase a través de alfombras e cortinas que dotan ao espazo da escuridade precisa. Contamos así con varias subzonas:



- Teatro: existen dous espazos. O primeiro destinado ao teatro de sombras co propio corpo tras dunha cortina e o segundo, da proxección de marionetas creadas polos propios nenos e nenas.



- Body art²⁵: traballaremos con pinturas fosforescentes e luz ultravioleta, converteremos o espazo nunha “discoteca” para os nenos e nenas.



²⁵ Body Art: trátase dun xénero artístico, no que se combinan a expresión corporal con outras formas artísticas tales como a música, o teatro, a danza ou a escultura. Consiste en empregar o corpo como lienzo. A orixe deste xénero atribúese ao artista Bruce Naumann, aínda que a miña inspiración para esta proposta foi o artista letón, Youri Messen-Jaschin.

- Mesa de luz: este espacio será permanente e cambiarán periodicamente os materiais cos que interactuar. Comezaremos con elementos naturais (flores secas e naturais, follas, froitas secas, esqueletos de follas...) para que os nenos poidan investigar e facer as súas propias composicións.



Mesa de luz



- Luz natural: aproveitaremos a luz solar que entra pola fiestra para facer sombras e reflexos con distintas formas e cores. Ademais, proporemos diferentes materiais para que debuxen a súa sombra e incluso, poderán crear as súas figuras con papel de aluminio para moldear e proxectar a súa sombra sobre o papel.



- Literatura a escuras: proporcionarémolle un recuncho onde poder desfrutar da lectura de contos que unicamente se poden ler na escuridade ou perforados para ler coas súas lanternas.



Algúns títulos posibles serían:

- Boyd, Lizi (2015). Linterna mágica. Editorial Libros del zorro rojo
- Coron, Beatrice (2015). Excentric Cinema. Editorial Kókinos
- Guilloppé, A. (2011) Luna llena.
- Perrault, C. e Sourdais, C. (2014) El gato con botas. Editorial Blume
- Tullet, Hervé (2013). Juego de luces. Editorial Phaidon
- Tullet, Hervé (2013). Juego de sombras. Editorial Phaidon
- Tullet, Hervé (2013). Juego en la oscuridad. Editorial Phaidon
- Valios i Buñuel, I. (2004). La luna: cuentos para leer a oscuras. Editorial Anaya
- Valios i Buñuel, I. (2010). El tren de los monstruos: cuentos para leer a oscuras. Editorial Anaya
- Valios i Buñuel, I. (2018). El Universo: cuentos para leer a oscuras. Editorial Anaya

Finalmente, gustárame rematar este apartado dicindo que tódolos espazos propostos con anterioridade non serán presentados aos nenos e nenas de xeito inconsciente, senón que se falará con anterioridade das autoras e autores nomeados, das diferentes técnicas empregadas, etc., e, ademais, a inmensa

maioría dos materiais serán creados polos nenos e nenas, facéndoos participes en todo momento do proceso de aprendizaxe.

4. Avaliación

No que se refire a avaliación do traballo desenvolvido no *atelier*, seguiranse as pautas características da pedagogía Reggio Emilia, é dicir, cobrará especial importancia o papel da observación e a documentación.

Cando facemos referencia a documentación²⁶ referímonos, tal como sinala Hoyuelos (2007) a un plan detallado de observación e escoita da infancia (con tódolos sentidos) para coñecer e tratar de entender a súa forma de pensar, facer, preguntar, teorizar ou desexar. Ten como finalidade a de facer visible o aprendizaxe para que poida ser revisado, discutido, interpretado, comentado e reinterpretado.

En que consiste? É a recollida e exposición sistemática e estética (a través de escritos, imaxes, paneis, vídeos, palabras, produtos gráficos...) dos procesos educativos dos nenos e nenas. Non é sacar fotos por sacar, senón facelo con consciencia; para construír, en diversos formatos, un produto público do vivido para compartir cos nenos e nenas, as familias e os docentes.

“La documentación es una manera ética, estética y política de pensar la educación y, sobre todo, de reflexionar sobre las extraordinarias capacidades de los niños y niñas para evitar que pasen desapercibidas en nuestra cultura. La documentación supone establecer una distancia –un nuevo punto de vista- sobre nuestro trabajo. Es una ocasión preciosa para discutir y confrontar las reflexiones y síntesis de nuestro proyecto educativo. Se ofrece como una ocasión para releer los procesos de aprendizaje” (Malaguzzi, 2001, p. 48). 2000)

Se ben é certo, isto non sería posible sen coñecer o grupo co que imos traballar con anterioridade, coñecer os seus intereses e necesidades, coñecementos previos ou as súas características individuais e como grupo. Por iso, comezaremos cunha avaliación inicial onde a través dunha observación non sistematizada²⁷ e mediante rexistro narrativo, recolleremos as opinións e

²⁶ Mérida, González e Olivares (). La documentación pedagógica en Educación Infantil: Una manera de registrar la vida de la infancia.

²⁷ A observación non sistematizada, tamén coñecida como non estruturada, é aquela que se realiza sen previa estruturación en relación a que e como observar.

reflexións dos nenos e nenas sobre o tema a tratar, así como, os seus coñecementos previos.

Por outra banda, ademais durante o proceso de observación pasarei un cuestionario a nivel xeral onde valorarei o nivel de implicación dos nenos e nenas nos distintos espazos. Isto permitirame saber o éxito ou non, que os espazos teñen entre os cativos coa intención de que permanezan un tempo máis ou de renovalos ou cambialos definitivamente.

ESPAZO OU RECUNCHO:

INDICADORES A OBSERVAR	NENO/A 1	NENO/A 2	NENO/A 3
Participa con facilidade na tarefa ou recuncho			
Amósase remiso a participar na tarefa			
Parece divertido/a			
Está serio/a			
Céntrase na tarefa			
Distráese			
É constante			
Frústrase coa actividade			
Charla cos outros			
Está calado			
Planea o que fai			
Faile gracia a proposta e os materiais			
Emprega os materiais de forma orixinal			
Preocúpase por facer a tarefa "correcta"			
Síntese orgulloso/a dos seus logros			
É meticuloso e observador/a			
É curioso ante os materiais			
Dalle usos non esperados aos materiais propostos			
Está preocupado pola súa mestra			
Trata de interactuar coa persoa adulta			

Valoraranse os ítems con + (positivo) ou – (negativo)

3. Conclusións

Como xa dixen noutras ocasións, este traballo nace coa intención de facer visible a necesidade de cambio nalgúns aspectos da educación, concretamente da etapa infantil, detectados durante os períodos de prácticas ou actividades cos centros, como mestra e o percorrido que fixen tamén na miña vida escolar, como alumna.

Sendo consciente de que a educación artística é moi beneficiosa para o desenvolvemento integral dos nenos e nenas, entrar en contacto con ela dende a infancia favorece aspectos importantes como a imaxinación, a espontaneidade, a creatividade e/ou a liberdade creando persoas máis creativas, sensibles, intelixentes, respectuosas e felices. Aínda así, dinme conta de como o noso sistema educativo segue a infravalorar ambas cuestións (educación artística e creatividade) quedando relegadas ao uso no tempo libre ou como premio ou ocupación logo de ter resoltas as tarefas ou materias “importantes” como as matemáticas, as ciencias ou as linguas. Do mesmo xeito que na educación primaria e secundaria priman antes as matemáticas, comprobei que na educación infantil ocorre algo similar, xa que o momento da educación artística queda pendente para logo de ter aprendido a ler ou escribir; cando son perfectamente compatibles.

Se ben é certo, poden comprobar que cada vez máis autores, educadores, docentes e futuros mestres, entre os que me inclúo, estamos a darnos conta da importancia que ten darlle o lugar que merecen a ambos conceptos na etapa infantil e aínda que están a loitar por elo, non lles está a resultar un camiño sinxelo.

Deste xeito, o deseño da miña proposta “Un atelier na aula” pretende servir como exemplo para todas aquelas mestras e mestres que traten de inculcar na infancia un modelo de traballo máis creativo onde o máis importante non sexa o produto final senón o proceso, un espazo onde os nenos e nenas se sintan seguros para poder relacionarse, comunicarse, aprender a pensar, respectar aos demais, sentirse satisfeitos e orgullosos das súas creacións, en definitiva, crecer. Como sei que non é unha tarefa sinxela, decidín poñerme en contacto con dúas profesionais que me puideran falar do cambio na educación logo de vivilo nas súas propias carnes e, sobre todo, aconsellarme.

Unha delas, un referente para a educación galega, é Antía Cal, unha muller que aínda vivindo nunha época difícil para desenvolverse a nivel profesional, foi máis aló e apostou por ser crítica e tratar de cambiar todas aquelas cousas que se ía atopando polo camiño e coas que non estaba totalmente de acordo. A través do seu documental, a súa páxina web e o pequeno contacto que mantivemos, tómoa como referente para moitas cousas, debería ser un exemplo a seguir para moitos docentes e futuros mestres e mestras.

Por outra banda, tamén me puxen en contacto cunha mestra española que marchou a vivir a Italia con tódalas dificultades que suma o cambio, loitando por formarse naquel enfoque do que se namorará durante a súa formación como mestra de educación infantil. A súa intención e desexo é que algún día ela ou calquera outra compañeira de profesión, estendan o enfoque reggiano e tódolos seus ideas por España.

